

Xestión de Persoal**EXPEDIENTE.-** 2026/E001/000001**PROCEDIMIENTO.-** Convocatoria de Selección Personal

Asunto: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDAS/OS E EXCLUIDAS/OS NO PROCESO PARA COBERTURA MEDIANTE COMISIÓN DE SERVICIOS VOLUNTARIA DO POSTO DE TÉCNICA/O INSPECTORA/OR DE TRIBUTOS

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretaria accidental, Dña. Eva María Montes Fernández, dita a presente

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

E segundo o estipulado na convocatoria e bases para a cobertura temporal mediante comisión de servizos voluntaria do posto vacante de Técnica/o Inspector/a or de Tributos do Concello de Arteixo aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 302/2026, de 6 de febreiro de 2026. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os no devandito proceso de selección, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDAS/OS:

1. Moinelo López, Leila
2. Serantes Chas, María Teresa

EXCLUÍDAS/OS:

1. González Rodríguez, Yolanda. Falta certificado de ocupación de posto de Inspector/a or Tributario ou asimilado

SEGUNDO.- Acordar explicitamente o desestimento das/os aspirantes excluídas/os do presente proceso de selección anteriormente referidos, toda vez que non subsanaron no prazo establecido os defectos documentais que motivaron a súa exclusión provisional ou calquera outra documentación requirida neste proceso, de conformidade co establecido polas propias bases da convocatoria, en relación ao determinado polo artigo 68 da Lei 39/2015 en interpretación da mais recente doutrina do Tribunal Supremo en casación (Sentenza de 22 de marzo de 2022).

TERCEIRO.- A selección levarase a cabo mediante proposta do Concelleiro de Persoal e Seguridade Cidadá con asistencia do Concelleiro de Economía e Facenda, que deberá efectuarse de forma motivada, atendendo a criterios de competencia e idoneidade profesional para o desempeño do posto en base aos méritos aportados polas persoas aspirantes, de conformidade ao establecido na base 4ª das reguladoras. Para tal motivación e elección da/o candidata/o máis capacitado e idóneo, o Concelleiro de Persoal e Seguridade Cidadá, D. José Mª Sánchez Novo contará coa asistencia do Concelleiro de Economía e Facenda, D. Emilio Maceiras López, e poderá contar co asesoramento da Xefatura de Área de Tesourería, Rendas e Inspección (Tesoureira municipal) e co asesoramento técnico do departamento de RR.HH., este último se así se considera necesario. A tal fin, o persoal referido valorará os méritos aportados e procederá á entrevista curricular das aspirantes admitidas o vindeiro 25 de marzo de 2026 no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo, no seguinte horario:

1. Moinelo López, Leila: ás 10:00 horas
2. Serantes Chas, María Teresa: ás 10:30 horas

CUARTO.- Dar traslado ao departamento de Persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos e complementariamente na web municipal e demais trámites oportunos.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, Dña. Eva María Montes Fernández, como Secretaria accidental dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).